
FELIZ IDADE

Textos de OLGA NOVO

Ilustracións de DIN MATAMORO

Encadernación rústica, sobrecuberta. 14,5 x 21 cm. 152 páx. 13 €.

ISBN 978-84-16721-24-5. Tambo. Factoría K de Libros.

*Coma se caera unha pedra no centro do mundo
e o seu eco se sentira máis aló dos sentidos.
Coma se un xesto dun antepasado meu de súpeto volvera
á existencia
a engrandecela anulando o tempo
e tódalas campás tocasen a vida nos altos campanarios
do sangue.*

*Coma se o mundo caera no centro dunha pedra
e o seu sentido se sentira máis aló do eco
e a poesía perdera o coñecemento nos brazos do amor...*

Con “Feliz Idade”, Olga Novo tende unha mecha desde a xeración que a precedeu á que lle segue; entre o onte e o mañá da estirpe, alén do pasamento do pai e da nenez da filla. Nese punto, no territorio puro e esperanzado do presente, estes versos ofrécennos o avanzar dun lume libertario ao que os seus lectores asistimos enmeigados e pampos.


É cando a palabra se vai recreando, co seu devir, no mundo rural, telúrico e bíblico da Terra á maneira de John Berger, nas lonxitudes dun discurso incesante, ao Walt Whitman, e nas múltiples luzadas que soamente poden aparecer desde o preliterario, ao xeito de Rosalía de Castro.

Canda moitos outros confrades e parceiros electivos (Dylan Thomas, Anaïs Nin ou Luís Pimentel, ademais da enxurrada desbordada do surrealismo), a deste libro é tamén unha poesía sinestésica, ancorada na patria dos que saben amarse con tolemia incondicional.



www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** poesía.

■ **Aspectos destacables:** outros títulos da colección Tambo: “[Os ángulos da brasa](#)” (Premio Ánxel Casal de Poesía 2012, Premio da Crítica Española 2012, Premio de Poesía da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega 2012 e Premio Nacional de Poesía 2013), “[Onde nunca é mañá](#)” e “[Rigorosamente humano](#)” de Manuel Álvarez Torneiro; “[Alén da fronteira. Sete poetas vascos](#)” (Premio Lois Tobío de Tradución 2012); “[Tríptico](#)” de Antoni Marí; “[Espiral de sombras](#)” de Xavier Seoane; “[Estrela do norte](#)” de Luís Rei Núñez; “[Tempo de exilio](#)” de Joseba Sarrionandia (I Premio Etxepare-Laboral Kutxa de Tradución 2015); “[Diario de Crosses Green](#)” de Martín Veiga; “[Tempo transfigurado](#)” de Cesáreo Sánchez Iglesias; “[Cervatos](#)” de Lucía Novas.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/feliz-idade-g>

Olga Novo

(A Pobra do Brollón, 1975)

Poeta, filóloga e profesora de Ensino Secundario, exerceu a docencia nas Universidades de Rennes e de Lorient, na Alta e na Baixa Bretaña. Ademais de moitas colaboracións en revistas e mais en antoloxías, publicou os libros *A teta sobre o sol* (1996), *Nós nus* (1997, Premio Losada Diéguez), *A cousa vermella* (2004) e *Cráter* (2011, Premio da Crítica). Como ensaísta é autora, entre outros, dos volumes *O lume vital de Claudio Rodríguez Fer* (1999, 2008) e *Uxío Novoneyra. Lingua loira* (2005, Premio de Investigación Ánxel Fole).